



**concello de neda**

## BASES DO II CERTAME DE PINTURA RÁPIDA Ó AIRE LIBRE CONCELLO DE NEDA 2019.

- 1ª. - Poderán participar neste certame todas as persoas maiores de idade que o desexen, de calquera nacionalidade.
- 2ª. - O certame celebrarase o día 02 de xuño de 2019
- 3ª.- O estilo e a técnica serán libres, a súa temática xirará en torno á paisaxe, o espazo físico e as súas xentes e costumes. Cada participante poderá presentar unha soa obra, sen asinar ata o momento no que se coñeza o ditame do xurado. A execución da obra deberá ser “in situ”, diante do motivo ou do modelo natural, a executar na área delimitada pola organización (entregarase plano da zona delimitada)
- 4ª. - As inscricións poderán realizarse, previamente, no correo electrónico cultura@neda.es desde a publicación das Bases no Boletín Oficial da Provincia da Coruña u o propio día do certame no horario do selado de 9:00 a 11:00 h. da mañá na Casa das Palmeiras, Avda Alxeciras 47.
- 5ª. – Cada participante deberá aportar o material que considere necesario para desenvolver o seu traballo, incluído o seu cabaleta, no que se expoñerá a súa obra posteriormente. Deberá tamén facer un bo uso do espazo de traballo, deixando limpo e recollido. Co obxecto de evitar efectos de contaminación cada participante levará tamén o material axeitado para recoller os restos xerados por pintura e disolventes, non tirando estes en sumidoiros ou lugares inadecuados.
- 6ª. - So se admite un soporte por participante, que deberá ser ríxido e presentarse en unha única cor de fondo. As medidas mínimas serán de 50x50cm. e as máximas non superarán os 100 x 81 cm.
- 7ª.- Haberá unha categoría especial para os participantes locais, os cales no momento da inscrición deberán acreditar a súa vinculación co Concello mediante xustificante do Padrón de Habitantes ou documento de pago de calquera tipo de imposto ou taxa que se abone directamente polo participante ao seu nome. Os participantes desta categoría tamén optan a calquera dos outros premios.
- 8ª. - O tempo para presentar as obras rematadas será das 16:00h. ás 17:00 hs. e entregaranse na Casa das Palmeiras onde se coñecerá o ditame do xurado ás 18:00h. E posterior entrega de premios, a partir dese momento os autores dos cadros non premiados poden asinar as súas obras e poñelas á venda ata as 20:00h. No caso de choiva, tanto a entrega como a exposición terá lugar no Salón de Actos da Casa da Cultura.
- 9ª. - Unha vez rematada a exposición ao aire libre, que se realizará no exterior da Casa das Palmeiras ou na Casa da Cultura no caso de choiva, as obras poderán ser retiradas polo artista ou persoa autorizada podendo tamén permanecer no Concello estas ata o concurso do ano seguinte. As obras non retiradas neste prazo de tempo pasarán a formar parte do patrimonio do Concello de Neda. Os gastos de envío correrán por conta da persoa participante. O concello velará pola conservación das obras non retiradas pero non se responsabilizará dos danos, perda, roubo, etc. que poidan sufrir durante a custodia das mesmas.

10ª. - O xurado do certame que avaliará as obras estará composto por profesionais das artes plásticas e representantes do Concello. A súa identidade farase pública durante a concesión dos premios. A decisión do xurado será inapelable.

11ª. - As obras premiadas pasarán a ser propiedade do Concello de Neda ou das persoas ou entidades que os patrocinen, así como os dereitos de reprodución.

12ª. - Os premios estarán suxeitos á retención fiscal establecida, non podendo recaer dous premios na mesma obra presentada ao concurso (incluído premio local). O xurado poderá declarar premios desertos se así o estima oportuno.

13ª. - Establécense os seguintes premios:

1º. Premio 1000 € e diploma

2º. Premio 500 € e diploma

3º. Premio 300 € e diploma

Premio local 200 € diploma

9ª.- Os/as premiados/as deberán solicitar o pago do mesmo, que se fará por transferencia bancaria, aportando certificado de conta bancaria a nome da persoa premiada, enderezo, DNI e no caso de que a persoa participante sexa extranxeira presentará o documento identificativo pertinente do seu país, no rexistro do Concello de Neda ou por sede electrónica.

10ª.- A organización do Concello de Neda resérvase o dereito de facer modificacións ou tomar iniciativas non reguladas nas presentes bases. Para calquera consulta sobre algún pormenor da actividade deberán poñerse en contacto co número 981. 30 03 33/ 981 39 02 49

11ª. –O feito de participar neste certame, supón a aceptación total das presentes bases.

Neda, a 14 de maio de 2019